

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 05.07.2019

Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 5 de xullo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 49048 (10/POC-007767)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre a incidencia que vai ter para a CRTVG a novidosa estratexia de expansión dos contidos visuais galegos a través de plataformas de cobertura internacional (Procedemento de urxencia)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 463, do 17.04.2019
- 1.2 49225 (10/POC-007786)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Corporación Radio e Televisión de Galicia en relación coa programación de cine galego e co impulso do talento das novas xeracións, así como as súas razóns para non chegar a acordos coa Axencia Galega das Industrias Culturais para programar as producións subvencionadas pola Axencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 465, do 23.04.2019
- 1.3 49748 (10/POC-007863)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre os datos referidos á emisión pola CRTVG de publicidade en materia de xogo e apostas, así como a valoración da posibilidade de prohibila na súa totalidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019
- 1.4 50248 (10/POC-007919)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre o contido do programa "A Revista" emitido pola TVG o 17 de maio en relación coa maquillaxe das nenas para a súa primeira comunión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 482, do 04.06.2019
- 1.5 51527 (10/POC-008003)



Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a información publicada na páxina web da Corporación Radio e
Televisión de Galicia en relación coas dificultades e cos prexuízos que
supón para o alumnado galego a avaliación de bacharelato para o acceso
á universidade e a súa realización en lingua galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 489, do 19.06.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Rosa Oubiña Solla	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P
Julio Torrado Quintela	S

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 05.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 05.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 49048(10/POC-007767)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre a incidencia que vai ter para a CRTVG a novidosa
estratexia de expansión dos contidos visuais galegos a través
de plataformas de cobertura internacional (Procedemento de
urxencia)

Publicación da iniciativa, 463, 17.04.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49048
Data envío: 11/04/2019 14:21:37.130

A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Aurelio Núñez Centeno, María Antón Vilasánchez, Rosa Oubiña Solla, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Rodríguez Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A CRTVG anunciou a finais de marzo o lanzamento dunha serie de ficción coproducida pola TVG, de grande éxito en Galicia, na plataforma dixital Netflix. “O sabor das margaridas”, estreada na televisión pública galega a finais de 2018, está dispoñible dende o día 29 do pasado mes en máis de 180 países a través deste servizo de vídeo baixo demanda.

Esta é a primeira vez que contidos con marca galega e en galego se emiten a través desta plataforma de cobertura mundial. Un paso máis na liña de exportar as producións da nosa comunidade como unha forma de estender o talento e a creatividade galegas, neste caso cunha serie con moi boa acollida por parte dos espectadores da TVG e recoñecida como a mellor serie de televisión na última edición dos Premios Mestre Mateo que concede a Academia Galega do Audiovisual.

Cabe destacar que “O sabor das margaridas” foi rodada ao 85% en localizacións exteriores en diferentes concellos galegos, de forma que a distribución desta serie a través de Netflix permitirá difundir a riqueza natural, paisaxística e patrimonial dalgunhas vilas e cidades da nosa comunidade entre países dos cinco continentes. Do mesmo xeito, servirá de canle para exhibir ante milleiros de persoas o potencial do sector audiovisual galego.

Un avance importante na estratexia dos medios públicos de Galicia de adaptarse ao novo panorama audiovisual, encaixar nos novos modelos de consumo televisivo aproveitando as puxantes fórmulas de difusión de contidos, ao tempo que se eleva o público obxectivo das creacións galegas chegando a novas audiencias, doutro xeito inaccesibles.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTROVACIOPUB
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49048
Data envío: 11/04/2019 14:21:37.130**

É de salientar especialmente o respecto á versión orixinal en galego, fundamental para o espallamento da nosa lingua ao redor do mundo, cumprindo cun dos obxectivos fundamentais da CRTVG en materia lingüística.

Deste xeito, a corporación continúa abrindo novos horizontes, levando o audiovisual galego a cada vez máis países e, polo tanto, achegando as producións feitas en Galicia a novos espectadores, que poden verse atraídos pola nosa cultura e identidade e polo noso estilo de facer ficción.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que suporá para a CRTVG esta novidosa estratexia de expansión dos contidos audiovisuais galegos a través de plataformas de cobertura internacional?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 11/04/2019 14:19:49

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 11/04/2019 14:19:58

Maria Antón Vilasánchez na data 11/04/2019 14:20:05

Rosa Oubiña Solla na data 11/04/2019 14:20:12

Jaime Castiñeira Broz na data 11/04/2019 14:20:20

María Guadalupe Murillo Solís na data 11/04/2019 14:20:29

Moisés Rodríguez Pérez na data 11/04/2019 14:20:38



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 05.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 49225(10/POC-007786)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Corporación Radio e Televisión de Galicia en relación coa programación de cine galego e co impulso do talento das novas xeracións, así como as súas razóns para non chegar a acordos coa Axencia Galega das Industrias Culturais para programar as producións subvencionadas pola Axencia

Publicación da iniciativa, 465, 23.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2019 13:51:02
Nº Rexistro: 49225
Data envío: 16/04/2019 13:51:02.633



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión de control da **CRTVG**.

No noso audiovisual, sen dúbida un dos sectores estratéxicos máis importantes da Cultura galega, hai por primeira vez catro xeracións distintas en activo traballando. Ou alomenos, hai xente que leva creando corenta anos xa que comezaron a súa andaina nos oitenta.

O sector foi profesionalizándose paseniño e as políticas foron variando. É importante ter en conta que a TVG comezou sendo, sen dúbida, un motor da industria dos contidos, dándolle cabida a unhas produtoras e deixando á marxe a outras. Pero con distintas varas de medir e sen igualdade de oportunidades.

Nesta Comisión de control da CRTVG, falouse en moitas ocasións de sentimento de orgullo do Audiovisual galego, pero o sector fai fincapé en que cada vez son máis os produtos que non dependen da CRTVG.

Despois de catro décadas, o sector non só está maduro, senón que acada un merecido recoñecemento internacional. Hai moita diversidade e moito talento. Pero non existe claridade e transparencia no noso país. E inadmisíbel que non se coñeza documento ningún que recolla as liñas estratéxicas da política audiovisual do PP en xeral, da Axencia de Industrias Culturais en particular e que se incumpra a Lei na CRTVG.





Se facemos comparativas con outras CCAA, constatamos que é certo o das comparacións odiosas: aínda tendo máis habitantes en Galicia (2,7 millóns de habitantes) que en Euskadi (2.194158 habitantes), por poñer un exemplo de dúas Comunidades con Lingua propia, o orzamento destinado a investir nas producións de alomenos un 5% da cifra total de ingresos, en Galicia non se cumpre e en Euskadi si.

“Coa finalidade de fomentar a creación e promoción do audiovisual do país, a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), conta na actualidade con varias liñas de axudas entre as que se atopan as destinadas a **‘producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego’**, **‘creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego’**, subvencións para a celebración de **‘festivais do sector audiovisual’**, e axudas á **‘promoción e difusión do cine galego en festivais e mostras de cine de prestixio nacional e internacional que se celebren fóra de Galicia’** que permiten que pezas audiovisuais galegas viaxen -como sucedeu nos últimos anos- ata festivais como a Berlinale (Alemaña), o Shangai International Film Festival (China), Karlovy Vari (República Checa), Biennale de Venecia (Italia), Sundance e New York (Estados Unidos), IDFA de Amsterdam (Países Baixos), BAFICI de Bos Aires (Arxentina), Locarno (Suíza), Toronto e Hot Docs (Canadá), Festival Internacional de Cine de Xixón, San Sebastián, Festival de Cine Español de Málaga, Semici de Valladolid, Sitges ou o Festival de Cine Europeo de Sevilla.

Para centrar e defender demandas concretas do sector, poñer en marcha liñas de taballo comúns, levar a cabo propostas e defensa de intereses, trazar liñas formativas e de desenvolvemento de actividades ou a organización de premios e entrega de recoñecementos, o audiovisual galego atópase agrupado en diversas entidades sectoriais. Entre as principais atópanse a **Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI)**, **Asociación de Empresas Galegas do**





Audiovisual (AEGA), Clúster Audiovisual Galego (CLAG), Academia Galega do Audiovisual (AGA), Asociación Sindical Galega de Guionistas (AGAG), Asociación de Profesionais da Dirección e a Realización de Galicia (CREA), Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG). Ademais, algunhas das que están constituídas a nivel estatal tamén teñen un papel moi activo no día a día do audiovisual en Galicia, como pode ser o caso da **Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA)** ou **Artistas Intérpretes, Sociedade de Xestión (AISGE).**

Despois de que varias destas asociacións profesionais traballasen durante algún tempo de forma conxunta e continuada en accións e proxectos para fomentar a igualdade nas artes escénicas e no audiovisual, construíron tamén o **Observatorio de Igualdade das Artes Escénicas e do Audiovisual de Galicia.** O feito de que dez asociacións que aglutinan practicamente a totalidade de ámbitos profesionais do sector audiovisual e das artes escénicas en Galicia se unisen para traballar de xeito conxunto arredor desta cuestión foi destacado no seu momento como “un feito histórico sen parangón a nivel estatal”.

Polo alcance das súas mensaxes e capacidade de influír nos idearios colectivos, **a cultura semella ser a perfecta aliada para ofrecer unha imaxe plural, igualitaria e non estereotipada de homes e mulleres no cinema, televisión, publicidade, medios de comunicación... e, concretamente, o audiovisual convértese nun espazo fundamental para poder comezar a construír”.**

Polo anteriormente exposto, as deputadas que subscriben presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- A que se debe a pasividade da CRTVG á hora de programar cine galego ou de potenciar o talento das novas xeracións?





- Por que non se chega a acordos coa AGADIC para programar ,
entroutras, as producións subvencionadas pola Axencia?
- Non cren que aumentaría a audiencia exponencialmente?
- Non considera a dirección da CRTVG a ausencia de contidos audiovisuais
das novas xeracións provocan que cada vez a corporación teña menor
relevancia para a cidadanía máis nova?
- O recoñecemento internacional é obvio, pero se o audiovisual estivese
normalizado, non consideran que tería moitos máis éxitos?
- Por que se negan a dar oportunidades á creación?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Perez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 16/04/2019 13:47:39

Luca Chao Pérez na data 16/04/2019 13:47:51



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 05.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 49748(10/POC-007863)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os datos referidos á emisión pola CRTVG de publicidade
en materia de xogo e apostas, así como a valoración da
posibilidade de prohibila na súa totalidade

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 18:20:48
Nº Rexistro: 49748
Data envío: 08/05/2019 18:20:48.298

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a publicidade en materia de xogo e apostas nos medios de comunicación audiovisuais públicos de Galiza.

Nos últimos anos teñen proliferado no noso país, e no conxunto do Estado español, as plataformas on-line de apostas e mesmo os locais (espazos físicos) que acollen este tipo de actividades.

Actualmente, no noso país existen un total de 136 casas de apostas e 3.853 terminais, a maior parte en locais de hostalaría, unha cifra moi por riba da prevista no Regulamento 162/2012, do 7 de xuño, aprobado pola Xunta de Galiza –que fixaba un máximo de 2.000 máquinas-- modificada en 2017 até as 3.600.

A súa xeralización está a acender todas as alarmas polas consecuencias que ten sobre a poboación, especialmente entre a mocidade. Neste senso, os resultados preliminares dun estudo desenvolvido pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) sinala que un de cada catro mozos de entre 12 e 17 anos

CS14-REXISTROXG-UJ1W62
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 18:20:48
Nº Rexistro: 49748
Data envío: 08/05/2019 18:20:48.298

apostaron algunha vez, a maior parte deles de maneira presencial. Ademais, a ludopatía avanza como un grave problema de saúde pública.

Neste contexto, a publicidade relacionada coas apostas xoga un papel fundamental polo que os medios de comunicación, especialmente de titularidade pública, non poden ficar á marxe do debate.

Nas últimas semanas, as Corporacións das radios e televisións de Euskadi (EiTB) e Catalunya (CCMA) acordaron prohibir –agás determinadas excepcións- a emisión ou inserción da actividade publicitaria e promocional relacionada co xogo e as apostas en liña, argumentando a súa decisión na necesidade de protexer e salvagardar, sobre todo, “os dereitos das persoas máis vulnerábeis fronte aos graves problemas de tipo aditivo que o xogo e as apostas poden xerar”, sinalou a directora xeral de EiTB, Maite Iturbe.

A CRTVG ten aprobado as Normas reguladoras da comunicación comercial audiovisual emitida a través das canles e servizo conexos e interactivos da CRTVG S.A. Nesta norma, no artigo 36 sobre comunicacións comerciais audiovisuais non admitidas a Corporación asegura que “non se emitirán en horario de protección da infancia comunicacións comerciais audiovisuais ou autopromocións de actividades de xogo”. Porén, non o prohibe nas demais faixas horarias.

Aliás, no Capítulo VII regúlanse outros aspectos vinculados coa publicidade relacionada co xogo relativos, entre outros, á exigencia do título habilitante que autorice a realización desa comunicación comercial (artigo 56) ou ao cumprimento dos principios de responsabilidade social (artigo 57), a obriga de

CSX4 REXISTROJGVXJWMBZ
Verificado
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 18:20:48
Nº Rexistro: 49748
Data envío: 08/05/2019 18:20:48.298

incluír mensaxes de loita contra a adición (artigo 58) ou a protección das e dos menores (artigo 59).

Aínda que a CRTVG ten avanzado nun marco normativo regulador propio proteccionista, que apela á responsabilidade social –como corresponde a unha entidade pública, outras Corporacións teñen ido un paso máis alá e, como dicíamos con anterioridade, acordaron a prohibición destas emisións e insercións publicitarias na súa totalidade.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Conta actualmente ou contou nos últimos anos a CRTVG con publicidade relacionada coas apostas e o xogo?
- De ser así, cantas, en que formato, con que contido e en que horario se emitiron?
- Valora a CRTVG prohibir na súa totalidade este tipo de publicidade?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 18:20:48
Nº Rexistro: 49748
Data envío: 08/05/2019 18:20:48.298

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2019 18:19:46

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2019 18:19:50

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2019 18:19:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2019 18:19:53

Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2019 18:19:54

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2019 18:19:56

CSX: REXISTROJVGXJVM8Z
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 05.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 50248(10/POC-007919)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o contido do programa "A Revista" emitido pola TVG o 17 de maio en relación coa maquillaxe das nenas para a súa primeira comunión

Publicación da iniciativa, 482, 04.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 50248
Data envío: 28/05/2019 18:32:34.434

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O pasado 17 de maio o magazine da TVG A Revista dedicou parte do programa a dar consellos de estética ás nenas. En concreto ensinando a unha menor de idade como debía maquillarse para a asistir a súa Primeira Comuñón. “Pódense corrixir pequenas imperfeccións da pel debido a unha puberdade adiantada”, e “Algo sinxelo, con pouca elaboración, soamente para realzar a beleza das nenas” foron algunhas frases que se puideron ler na peza publicada no magazine da TVG A Revista emitido o 17 de maio sobre a maquillaxe das nenas pola primeira comuñón.

A peza espertou críticas de persoas que a través das redes sociais acusaron a televisión pública galega de fomentar a hipersexualización das nenas, o machismo, a frivolidade, e a exposición irresponsable da infancia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai de que o programa A Revista dedicara parte do seu programa do día 17 de maio, a aconsellar ás nenas sobre como debían maquillarse para a asistir a súa Primeira Comuñón?
2. Considera que este programa reproduciu estereotipos de xénero, e fomentou comportamentos machistas?
3. Ten previsto a CRTVG emitir nos programas das súas canles, espazos dedicados a dar consellos de estética ás nenas?

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 28/05/2019 18:29:59

María Luisa Pierres López na data 28/05/2019 18:30:09

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO-COIA-IPWCTB
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2019 09:30:00
Nº Registro: 50248
Data envío: 28/05/2019 18:32:34.434

Julio Torrado Quintela na data 28/05/2019 18:30:13

CSX, REGISTRO:AUJPIWQT6
Verificado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 05.07.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 51527(10/POC-008003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a información publicada na páxina web da Corporación Radio e Televisión de Galicia en relación coas dificultades e cos prexuízos que supón para o alumnado galego a avaliación de bacharelato para o acceso á universidade e a súa realización en lingua galega

Publicación da iniciativa, 489, 19.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 17:24:53
Nº Rexistro: 51527
Data envío: 13/06/2019 17:24:53.664

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Concepción Burgo López e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

A convocatoria dos exames de ABAU de 2019 foi un motivo de información nas distintas canles da CRTVG, así como doutros medios de comunicación. Dentro dos aspectos que están sendo considerados de interese polos distintos medios de comunicación, predomina o debate xeral sobre a suposta desigualdade entre os exames, niveis de esixencia e outras valoracións.

Froito deste escenario, a CRTVG publicou unha información na súa web, ao fío dunha peza informativa elaborada, que construía unha idea argumentativa baseada no prexuízo que supón para os alumnos e alumnas de Galicia examinarse de idioma galego, cando esta proba non se realiza nas demais comunidades autónomas de España onde o galego non é idioma oficial, como é normal.

O natural entendemento da publicación invita a inferir que, ademais de que “as probas son máis difíciles”, e que “os criterios de corrección máis esixentes”, tamén se engadía no argumentario que o alumnado de Galicia “examinase dunha materia máis, a de galego”. Esta presentación dos datos evidencia unha nula comprensión das vantaxes que supón a existencia dunha lingua propia, tanto na riqueza cultural e persoal, como na utilidade directa que isto supón. Ademais, a efectos unicamente de análise racional, a existencia dun exame máis non ten que ser un problema que xere desvantaxe.

En definitiva, a difusión de contidos a través dos medios públicos que convertan ao idioma galego nun problema e que conleven asociar a existencia das probas sobre o idioma a elementos negativos, constitúe unha terxiversación dos criterios naturais que deben rexer o funcionamento dun medio de comunicación público.

CSM-REXISTROV6KkKNDlv08
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2019 17:24:53
Nº Registro: 51527
Data envío: 13/06/2019 17:24:53.664

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que criterios levan á CRTVG a tomar unha posición agresiva fronte á lingua galega a partir das probas ABAU que se realizan sobre o idioma?
2. Ten previsto a CRTVG modificar o contido da web publicada sobre a nova en cuestión?
3. Pode garantir a CRTVG que a defensa da lingua galega está entre os obxectivos prioritarios no exercicio do seu labor como medio de comunicación público de Galicia?

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Concepción Burgo López
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/06/2019 17:21:58

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/06/2019 17:22:13

Noela Blanco Rodríguez na data 13/06/2019 17:22:28



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es